

Directorio de empresas e unidades locais. Ano 2009

NOTA DE PRENSA

O día 1 de xaneiro de 2009 había 215.313 empresas en Galicia

Empresas segundo a sede social

Segundo a explotación estatística do directorio de empresas e unidades locais elaborada polo Instituto Galego de Estatística, o día 1 de xaneiro de 2009 había 215.313 empresas en Galicia, 214 menos que no ano anterior.

Do total de empresas en Galicia, 209.870 teñen a súa sede social en Galicia e as 5.443 restantes realizan algunha actividade económica dentro da comunidade autónoma pero teñen a súa sede social fóra dela.

Por provincias, o 40,8% das empresas en Galicia teñen a súa sede social na Coruña, o 33,5% en Pontevedra, o 12% en Lugo e o 11,2% en Ourense.

**Número de empresas en Galicia segundo a sede social.
Ano 2009**

	Número de empresas	Variación sobre o ano anterior	
		Absoluta	Relativa (%)
Total	215.313	-214	-0,1
Galicia	209.870	-249	-0,1
A Coruña	87.879	259	0,3
Lugo	25.805	-113	-0,4
Ourense	24.114	-206	-0,8
Pontevedra	72.072	-189	-0,3
Fóra de Galicia	5.443	35	0,6

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Empresas segundo a personalidade xurídica

Segundo a personalidade xurídica da empresa, a persoa física é a titularidade máis habitual dentro do tecido empresarial galego, xa que preto do 57,1% das empresas en Galicia teñen esta personalidade xurídica. Con respecto ao ano 2008 o número de persoas físicas diminuíron un 1,5%, as sociedades anónimas un 2,3% e as cooperativas un 2,6%. Pola contra as sociedades de responsabilidade limitada medraron un 1,9%.

Número de empresas en Galicia segundo a personalidade xurídica. Ano 2009

	Número de empresas	Variación sobre o ano anterior	
		Absoluta	Relativa (%)
Total	215.313	-214	-0,1
Persoas físicas	122.913	-1.814	-1,5
Sociedades anónimas	5.741	-137	-2,3
Sociedades de responsabilidade limitada	68.178	1.252	1,9
Sociedades cooperativas	957	-26	-2,6
Outros	17.524	511	3,0

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Empresas segundo a actividade principal

Atendendo á actividade principal segundo a CNAE-2009, o 26,8% das empresas dedícanse a actividades de comercio e reparacións. Séguenlle en importancia as empresas dedicadas á construción (18%), hostalaría (10,6%) e actividades profesionais, científicas e técnicas (10,6%).

Número de empresas en Galicia segundo a actividade principal (CNAE-2009). Ano 2009

	Número de empresas	Variación sobre o ano anterior	
		Absoluta	Relativa (%)
Total	215.313	-214	-0,1
B Industrias extractivas	447	-36	-7,5
C Industria manufactureira	15.612	-143	-0,9
D Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	443	-13	-2,9
E Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	192	-56	-22,6
F Construción	38.852	-625	-1,6
G Comercio por xunto e ao retalho; reparación de vehículos de motor e motocicletas	57.768	-600	-1,0
H Transporte e almacenamento	13.290	-236	-1,7
I Hostalaría	22.763	-24	-0,1
J Información e comunicacións	2.224	117	5,6
K Actividades financeiras e de seguros	4.126	202	5,1
L Actividades inmobiliarias	3.716	77	2,1
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	22.882	858	3,9
N Actividades administrativas e servizos auxiliares	8.275	-393	-4,5
P Educación	4.073	204	5,3
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	6.900	189	2,8
R Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4.117	158	4,0
S Outros servizos	9.633	107	1,1

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Empresas segundo o estrato de asalariados

O 95% das empresas en Galicia conta con menos de 10 asalariados. De feito, a principios de 2009 realizaban algunha actividade económica en Galicia 127.639 empresas sen asalariados, o que supón o 59,3% do total de empresas. Con respecto ao ano anterior produciuse unha baixada no número de empresas para todos os estratos de asalariados agás no de empresas de 1 a 5 asalariados que conta con 1.725 empresas máis (un crecemento do 2,6%).

Número de empresas en Galicia segundo o estrato de asalariados. Ano 2009

	Número de empresas	Variación sobre o ano anterior	
		Absoluta	Relativa (%)
Todos	215.313	-214	-0,1
sen asalariados	127.639	-722	-0,6
de 1 a 5 asalariados	68.623	1.725	2,6
de 6 a 9 asalariados	8.290	-335	-3,9
de 10 a 19 asalariados	5.664	-536	-8,6
de 20 a 49 asalariados	3.474	-320	-8,4
de 50 a 99 asalariados	964	-10	-1,0
de 100 a 499 asalariados	582	-11	-1,9
500 ou máis asalariados	77	-5	-6,1

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Demografía empresarial

Con relación ao directorio do ano anterior iniciaron a súa actividade económica en Galicia 19.422 empresas e cesaron a súa actividade 19.636.

Empresas por situación de actividade e sede social. Datos do día 1 de xaneiro de 2009

	Alta	Permanencia	Baixa
Total	19.422	195.891	19.636
Galicia	18.805	191.065	19.063
A Coruña	7.978	79.901	7.727
Lugo	2.111	23.694	2.237
Ourense	2.046	22.068	2.246
Pontevedra	6.670	65.402	6.853
Fóra de Galicia	617	4.826	573


Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Unidades locais

O 43,9% das unidades locais existentes en Galicia o día 1 de xaneiro de 2009 estaban situadas nalgún dos 7 grandes municipios galegos (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Os concellos de A Coruña e Vigo son os que concentran un maior número de unidades locais, con 28.885 e 28.715 respectivamente.

Número de unidades locais. Ano 2009

■	500 a 28.900	(87)
■	400 a 500	(17)
■	300 a 400	(23)
■	200 a 300	(40)
■	0 a 200	(148)



Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais

Información detallada:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0310001001

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_empresas_09_gl.pdf

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n

15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?paxina=006006001&idioma=gl>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>